



Pero seguro que pasaredes un bo rato cantando outras cancións máis actuais como son: Ti amo de Umberto Tozzi, Con te partirò de Andrea Bocelli, La solitudine de Laura Pausini ou Bella Ciao.

Falemos agora dalgunhas tradicións deste país... sabíades que polo Nadal, ademais de Papá Noel os nenos e as nenas italianas reciben a visita de Befana? Nalgúns lugares cren que a Befana é unha bruxa e noutros a representan como unha velliña. En calquera caso, reparte agasallos e doces aos meniños e meniñas que se portaron ben e deixa carbón aos que se portaron un pouco peor. Tamén, nestas datas, é habitual que os italianos coman un pan doce típico que se chama Panettone.

Outra das festas máis tradicionais é o Ferragosto, que se celebra o día 15 de agosto. Neste día é tradición que as familias se dirixan as praias ou a lugares emblemáticos para pasar a xornada xuntos.

Deixamos as festas e pasamos a algunhas competicións deportivas que teñen moita zona como a carrera de Formula1 de Mónaco que se celebra a finais do mes de maio. Este evento é moi coñecido porque discorre polas rúas da cidade. Aquí tedes algún vídeo

<https://www.youtube.com/watch?v=kstBUNJXVKg>

Un dos italianos máis recoñecidos é Leonardo Da Vinci, para presentarle a súa persoa á vosa/o voso peque, tedes a continuación o enlace a unha pequena biografía

<http://algarabianinos.com/explora/leonardo-da-vinci-un-genio-travieso/>.

Poñemos fin a esta pequena viaxe por Italia e esperamos que teñades disfrutado da mesma. Pronto vos deixaremos unha nova guía con máis recursos para seguir aprendendo sobre os diferentes países do mundo. Ata pronto!!

